

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
875/2023	A Xunta de Goberno Local	

EN CALIDADE DE SECRETARIA DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 875/2023. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN AS OBRAS DO POS + 2023: PAVIMENTACIÓN NUCLEO DOS MUIÑOS E OUTRO.

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

RESOLUCIÓN

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data/Núm.
Memoria xustificativa do contrato	16/02/2024
Prego de cláusulas administrativas	16/02/2024
Prego de prescricións técnicas	16/02/2024
Providencia de Alcaldía	16/02/2024
Informe de Secretaría	2024-0039
Retención de crédito	220240000965
Informes de Intervención	Informe de data 20/02/2024 e Informe 2024-0008
Informe-Proposta de Secretaría	2024-0046

Á vista das características do contrato que se pretende adjudicar:

Tipo de contrato:	Obras
Obxecto do contrato:	POS + 2023: Pavimentación nucleo dos Muiños e outro
Procedemento de contratación:	Aberto Simplificado
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Valor estimado do contrato:	89.252,71 €



Orzamento base de licitación IVE excluído:	81.138,83 €
IVE %:	17.039,15 €
Orzamento base de licitación IVE incluído:	98.177,98 €
Duración do contrato	6 meses

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e en exercicio das competencias delegadas pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado para as obras do POS + 2023: Pavimentación núcleo dos Muiños e outro, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente por importe de 98.177,98 euros.

CUARTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SÉTIMO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

— SOFÍA PÉREZ FIGUEIRA, que actuará como Presidente da Mesa.

— CLARA ORTEGA FERNANDEZ, Vocal (Secretaria da Corporación).



- MANUELA BARCIA VÁZQUEZ, Vocal (Interventora da Corporación).
- BERTA BUJÁN CASANOVA, Vocal (Coordinadora dos Servizos Sociais).
- ANDRÉS BUSTO ALLO, que actuará como Secretario da Mesa.

E para que conste, aos efectos oportunos, expídese a presente da Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Outes, na data da sinatura electrónica, coa salvedade prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

